

OLA OS MANDO MOITOS BICOS E ABRAZOS. SEI QUE TODOS ESTADES BEN E ESO FAIME SENTIR FELIZ. XA FALTA MENOS PARA QUE NOS VEXAMOS .MOITO ANIMO.

AQUÍ VOS DEIXO UNHA COMPRESIÓN LECTORA SOBRE UN DIARIO . A ÚLTIMA PREGUNTA E QUE ME CONTEDES A MODO DE DIARIO COMO ESTADES A VIVIR ESTE MOMENTO TAN DURO PARA TODOS

## UN EXEMPLO DE DIARIO

Hoxe en día é difícil distinguir entre blog e diario, xa que moita xente considera que un blog é, en certa maneira, un diario en Internet. Pero o termo diario segue referindo á súa acepción tradicional. O diario é ese caderno no que o seu autor, todos os días, escribe con bolígrafo durante cinco minutos o que el considera relevante no que lle ocorreu durante o día. É, en resumo, un libro por e para un mesmo.

Para alguén que queira empezar a escribir un diario, aquí van unhas pautas que poden ser de axuda:

1. A propia vida parécelle extraordinaria, é a mellor historia que pode narrar xamais.
2. Un diario é unha historia intimista. Nun diario, a obxectividade e a sinceridade son calidades opostas. Seica o novelista ruso Leon Tolstoi escribía tres diarios: un para que o lese a súa muller; outro, que pensaba mandalo publicar despois da súa morte; e outro que levaba sempre con el, escondido na súa bota dereita, no que poñía os seus pensamentos máis íntimos.
3. O diario debe reflectir a vida do escritor, ou o que lle pareza máis importante dela. Se non tivo un día fóra do normal, pero ten ganas de escribir, quizais o apropiado é reflectir o seu estado de ánimo.
4. A xente nova e os futuros escritores servíronse dun diario para apuntar as súas inquietudes literarias. Por exemplo, o famoso escritor Ernest Hemingway escribía algunhas das cousas que lle ocorrían, que podían ser o argumento dunha novela.

Que é un diario na súa acepción tradicional?

Para quen se escribe un diario?

Segundo a lectura, é o mesmo un blog que un diario? Razona a túa resposta

Por que cres que Leon Tolstoi escribía tres diarios?

Para que utilizaba Ernest Hemingway o seu diario?

Conta, a modo de diario, algo do que che ocorrendo .